

## Casa dos Francos

050071

### Datos de Localización

Casa Grande

**Nomenclator:** 3207702  
**Coord. UTM:** X: 60567200  
 Y: 466600100  
**Concello:** Sandiás  
**Parroquia:** PIÑEIRA DE ARCOS  
**Lugar:** Zadagós  
**Tipoloxía:** Arquitectura Civil  
**Tipo:** Casas Grandes  
**Subtipo:** Casa Grande



**Denominación:** Casa dos Francos  
**Etapa Histórica:** Indeterminada  
**Estilo relevante:** Popular

#### Outros Estilos:

#### Descrición:

Casa que consta de pranta baixa e primeiro andar. As paredes están levantadas a base de perpiaños irregulares, un dos muros é medianeiro coa vivenda que lle marxea. O máis sobresaínte desta construción son as dúas grandes solainas que conserva, unha delas percorre toda unha fachada da casa e queda sen cubrir. Teñen man dela catro canzorros moldurados apoiados noutros tantos esteos de pedra, está protexida por unha varanda de ferro forxado. Nesta fachada presenta dous vanos, na pranta baixa unha porta de dúas follas e no primeiro andar outra porta que comunica o interior da vivenda coa solaina.

A segunda solaina ocupa un tramo da outra fachada e tamén está protexida por unha varanda de ferro forxado, está apoiada en tres canzorros dobres moldurados e un canzorro simple sostido por un esteo de pedra. Esta solución foi adoptada con posterioridade á construción da casa, pódese apreciar como neste lugar tamén había un canzorro dobre pero ó romper unha das pedras optouse por reforzar a restante co esteo. Esta solaina queda resgardada da choiva xa que se prolonga a cuberta sobre a mesma. A fachada conta con catro vanos, dúas portas na pranta baixa -unha ó ras do chan e outra que se accede a ela mediante unha escaleira de tres chanzos-, e unha porta e unha fiestra no primeiro andar. Cuberta de tella romana.

#### DOCUMENTACIÓN:

- Ficha do catálogo do planeamento do concello de Sandiás. Clave de identificación: AC-22
- Ficha del inventario del patrimonio arquitectónico de interés histórico artístico del Ministerio de Cultura.

### Características Construtivas

**Plantas:** B+1  
**Edif. Anexas:**  
**Mat. Fachada:** Granito  
**Mat. Estrutura:** Granito  
**Mat. Cuberta:** Tella

mat. cuberta. 1. 0112

Elementos singulare

Construtivos:

Decorativos:

## Delimitación do Ben e da contorna

Situación: Outros

Area de Protección: 100m.

## Protección

Tipo de ben: Inventariado

Proposta de tipo de ben:

Estado de Tramitación: Declarado

Nivel de Protección Arq.: Tipolóxico

Proposta Nivel de Protección Arq.

Grao de Protección Arq.: -----

Proposta Grao de Protección Arq. -----

Xustificación da Protección:

Titularidade

Polígono:

Parcela:

## Conservación-Intervención

Estado de Conservació Regular

Uso Actual: Habitacional

Alteracións Morfolóxicas

Tipo:

Data:

Descrición:

Proxecto:

Axentes:

Observacións:

## Bens Mobles





